

Teatro Calavera presenta

# Onde está Larry?

XOGACONTOS

Conto participativo onde as nenas e nenos son os protagonistas!



Seguindo o fio argumental dunha historia, depende d@s participantes o seu desenlace... A través de probas, bailes e xogos musicais convertemos os contos nunha gran festa!





## SINOPSE

Leila e Laila son dúas Elfas que se atopan nunha festa. Leila é experta en organizar festas infantís, onde lles ensina ás nenas e nenos curiosidades do Nadal na Laponia.

Laila é unha elfa que nunca saíu da Laponia. Adicase a construír xoguetes e a xogar cun boneco de neve que se chama "Larry". Un día, atopou un esquí máxico e adventiulle de que as nenas e nenos non merecían regalos... Laila contoulle o acontecido a Papá Noel, e este, enviouna onde Leila para que lle demostre que non, que as nenas e nenos son moi bos e que merecen todo o noso cariño. Outra complicación é que o seu amigo Larry, desapareceu nada máis chegar á comarca...

Onde está Larry??? As nenas e nenos terán unha gran oportunidade para demostrarlle a Laila a súa bondade axudando a atopalo.



DIRECCIÓN  
MARIAN REI

ELENCO  
MARIAN REI  
ÓSKAR GÁEZ

DURACIÓN  
90 MIN.

